



Os grupos Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdG-PSOE e Partido Popular, presentan a seguinte

Declaración institucional sobre a retirada de honras e distincións a persoas vincelladas ao levantamento militar de 1936 e ao franquismo

Dando continuidade á Declaración Institucional do pleno da Deputación da Coruña do 29 de xullo de 2016 sobre a retirada dos títulos honoríficos e distincións concedidas por esta institución a Francisco Franco Baamonde e dando igualmente cumprimento á lei da memoria histórica 52/2007, de 26 de decembro, a Deputación da Coruña declara a vontade de revocar todas as honras e distincións concedidas pola Deputación provincial da Coruña a persoas vincelladas con feitos e prácticas represivas realizadas durante o golpe de Estado de xullo de 1936 e a ditadura franquista, así como á retirada de simboloxía propia dese réxime antidemocrático nos edificios pertencentes á institución provincial.

Ante esta situación, todos os grupos políticos que componen a Corporación da Deputación Provincial da Coruña acordan:

- 1.-** Proceder ao longo de 2019 a aprobar un novo Regulamento de Honras e Distincións.
- 2.-** Elaborar un catálogo de honras, distincións e simboloxía franquista.
- 3.-** Incoar o correspondente expediente, seguindo os procedementos oportunos para invalidar todas as distincións, nomeamentos, títulos honoríficos e demais formas de exaltación de persoas vincellas ao levantamento militar do 36 e á represión da ditadura, así como para eliminar a simboloxía franquista nos edificios pertencentes á institución provincial.